

## MEMORIA ANPAS GALEGAS

### **Introdución**

Somos a clase de 6º do CEIP Barouta, un centro que se atopa no rural de Ames. O titor presentounos o proxecto e dende o primeiro momento estivemos comprometidas co proxecto. A través deste proxecto tiñamos como obxectivo principal amosar todos os aspectos positivos que ten o rural e que moitas veces esquecemos. É por iso que dende o noso contexto intentaremos reivindicar a nosa identidade e o noso patrimonio do noso concello.

O primeiro punto do proxecto comezou cunha chuvía de ideas para sabermos ben o que queríamos amosar e que lugar podía representar ben a mensaxe que queríamos transmitir. Unha vez definida a nosa idea, comezamos a pensar lugares e de aí saíu a nosa elección. O monte de San Marcos que se atopa na parroquia de Ameixenda(Ames).

### **Lugar**

Este lugar é un miradoiro, que desde o alto ten unha panorámica case total do Val da Maía, depresión de orixe fluvial formada en torno ao río Sar e rodeada de macizos graníticos. A vista é moi ampla dado que estamos ante unha chaira marcada por suaves ondulacións e pequenos outeiros, por onde corren varios dos regatos que alimentan o Sar. A súa superficie está cuberta por illas arbóreas, basicamente fragas e plantacións de eucalipto. Ademais a uns 200 metros do miradoiro atópanse as ruínas da ermida de San Marcos, con toda probabilidade levantada sobre os restos dunha torre de vixilancia medieval.

Para ir ao monte San Marcos foi necesario programar unha saída didáctica e agardar a que as condicións climatolóxicas nos respetasen para poder irmos e facer unha gravación en condicións. Para esta saída debatimos entre ir a pé ou ir en autobús. Aínda que a ruta a pé é moi bonita e moi recomendable, decántamonos por ir en autobús xa que precisábamos unha mañá case enteira para poder realizar as fotografías e o vídeo. Unha vez contactado coa empresa de transporte tivemos que elaborar autorizacións para as familias para poder saír do centro e tamén planificar os roles que debía facer cada equipo o día da saída.

Cando o tempo nolo permitiu, fomos en autobús a primeira hora da mañá, nun traxecto que foi moi curto, 15 minutos aproximadamente. O autobús deixounos preto, pero tivemos que facer unha pequena ruta a pé para chegar ao alto do monte.

### **Metodoloxía de traballo**

No noso centro temos a vantaxe de que contamos coa iniciativa dos Polos Creativos durante dúas sesións semanais que nos permitiu ter equipación especializada e ter un espazo para fomentar a creatividade.

Para poder estruturar ben o traballo dividímonos en varios grupos de traballo. Imos explicar como foi o proceso de traballo que realizamos para realizar os diferentes produtos esixidos para presentar de cara ao concurso. Cada grupo tiñan un voceiro que axudaba a coordinar os diferentes equipos xa que os produtos a presentar esixíanos interrelacionarnos:

- **Equipo de guión:** foi o principal obstáculo xa que nun principio tiñamos moitas ideas pero non sabíamos como achegarnos a mensaxe que queríamos transmitir. Finalmente, a partir do campo semántico que se nos ía ocorrendo co rural fomos construíndo un guión. Para

elaboración do mesmo, centrámonos nos xogos tradicionais, na fauna e flora, na arquitectura (hórreo, cruceiro) ou elementos que coñecemos. Ademais de construír isto, quixemos ter como referencia unha frase ponte que enarborase o que é para nós o rural. Quixemos que toda a clase fose participe en maior ou en menor medida no guión e nos diálogos xa que queríamos dar visibilidade a opinión de cada un de nós do que é o rural. Outro aspecto fundamental do cal nos encargamos foi ser axudantes de dirección de como se tiñan que dirixir os nosos compañeiros á cámara, é dicir, que emocións e como expresarse.

- **Equipo de actores/actrices:** como xa dixemos asignamos unha frase ou diálogo a cada membro da clase. Tivemos que memorizar cada un cadansúa frase e ensaiar xa que queríamos representar de maneira correcta.
- **Equipo de material e gravación:** este equipo tivo un valor fundamental xa que foi o encargado de preparar e coidar o equipo necesario para o equipo de gravación. Tivo que ter en conta o equipo audiovisual preciso para realizar o vídeo e realizar as fotografías. Principalmente este equipo tivo que estudar ben o sitio. Foi necesario saber onde íamos gravar. Un dos problemas que máis nos preocupou foi como podía afectar o ruído na gravación e como poder aillalo. Igualmente unha función dentro deste grupo, que o fixo dos grupos máis numerosos, foi a función de claqueta así como os encargados das dúas cámaras e do son que traballaban en coordinación co equipo de dirección conformado polos mestres. A través da claqueta íamos dicindo as tomas que íamos realizando, de xeito que si había un erro, isto facilitaba moito o posterior traballo do equipo de edición xa que sabía a onde tiña que ir. Os encargados tanto de son como de audio debían estar previstos en todo momento e axustar ben os ángulos así como os planos cara o espazo e os protagonistas.
- **Equipo de produción:** este equipo tivo que encargarse de que a rodaxe fose o máis sinxela posible. É por iso que tivo que elixir os escenarios que queríamos sacar nas fotografías e elixir os espazos para gravar. Ademais disto foi necesario preparar ben o atrezzo co que quixemos representar un plató de televisión na natureza e conseguir certos elementos que desen forza á mensaxe que queríamos transmitir no vídeo. Dentro deste equipo atópabase o encargado da cámara fotográfica que en consenso con este equipo realizou as fotografías. Por outra parte, dentro deste conxunto atopamos tamén os responsables da realización do cartel para o cal collemos un dos elementos máis salientables do noso guión, a buxaina. A través deste xoguete elaboramos un lema que é “o rural segue xirando” de xeito que cunha metáfora quixemos amosar unha visión positiva de que o rural ten moito futuro e fai “xirar” a moita xente coa economía ou coa cultura.
- **Equipo de edición:** a última parte deste proceso foi a edición onde tivemos que seleccionar ben as esceas dacordo ao equipo de gravación. Neste punto foi necesaria a estreita colaboración entre ambos equipos para poder presentar o produto nas mellores condicións posibles. Unha vez feito todo (fotografías, vídeo e cartel) comezamos a facer esta memoria na que intentamos recompilar todo o noso proceso e metodoloxía de traballo.

## **Reflexión**

Sen dúbida adentrarnos neste proxecto foi algo moi novedoso para toda a clase xa que nos pedía mergullarnos no mundo audiovisual. A pesar de que tiñamos algo de experiencia serviunos para coñecer mellor todo o traballo que require a elaboración dun vídeo. Con este proxecto estivemos motivados desde o primeiro momento. Foi unha oportunidade de aprender dunha forma máis divertida diferentes elementos da lingua galega como expresións ou diferentes ámbitos da nosa cultura que si non teriamos feito este proxecto non aprenderíamos.

Este concurso valeu como exercicio de reflexión xa que moitas veces temos un tesouro diante e non somos capaces de valoralo o suficiente. Neste caso dentro do noso propio concello co monte de San Marcos, un miradoiro cunha gran riqueza paisaxística que serviu par valorar máis todo o patrimonio que temos.

Abofé que a raíz da elaboración dos diversos proxectos fomos quen de ir eliminando prexuizos que pese a ser nós xente ligada ao rural podemos ter ideas preestablecidas do rural. Na nosa opinión cremos que é moi positivo corrixir estes estereotipos para poder evolucionar como sociedade.

Como ben tratamos de dicir no vídeo o rural é tradicional pero tamén e futuro, boa mostra disto estáse amosando nas novas correntes musicais galegas como Tanxugueiras que nos ensinan que ese é o camiño a seguir. Iniciativas deste tipo son necesarias para sermos conscientes do que temos e que nós como membros da sociedade futura debemos manter viva. Parafraseando a Álvaro Cunqueiro que o rural galego dure mil primaveras máis!